

Historia de España. 2º de Bacharelato. Século XIX.

2. AS CORTES DE CÁDIZ E A CONSTITUCIÓN DE 1812.

Os líderes da revolta contra os franceses prevían unha convocatoria de Cortes “xerais e extraordinarias” por iniciativa da Xunta Central, aínda que quen a levou a cabo foi a rexencia, que substituíu á Xunta Central en xaneiro de 1810. As Cortes reuníronse en Cádiz, por ser unha cidade doada de defender e que ademais estaba libre da ocupación francesa.

A elección de deputados bateu con grandes dificultades, pola ocupación militar e pola presenza de deputados procedentes de América. Entre os deputados existían distintas posturas:

- Un grupo pretendía non modificar nada do sistema político absolutista.
- Outro grupo, no que destacaba Jovellanos, pretendía un réxime intermedio entre o absolutismo e o modelo constitucional baseado na soberanía da nación.
- Os liberais propoñían unha cámara única que asumise a soberanía nacional e elaborase unha Constitución que debía recoller as novidades achegadas pola Revolución Francesa, posición que foi a que triunfou porque moitos deputados non puideron acudir á convocatoria e foron substituídos por outros presentes en Cádiz, que era un importante centro comercial e unha cidade onde os liberais tiñan grande influencia.

A composición social dos deputados que actuaban en Cádiz mostraba a complexa situación daquela sociedade. Xunto a membros dos antigos estamentos (nobres, dignidades eclesiásticas,...) onde o clero tiña un papel destacado, houbo representantes das clases medias urbanas, de servidores do Estado (militares, maxistrados e funcionarios) e das profesións liberais ou da actividade mercantil.

A burguesía non foi a única clase social protagonista da revolución liberal. Parte do clero e da nobreza apoiárona, aínda que a maioría destes grupos estaban do lado absolutista. Tamén houbo excepcións no outro bando. Son bos exemplos Salvador Vinyals, un industrial catalán que apoiou a reacción, e o conde de Toreno, un aristócrata que optou polo liberalismo. Moitas das reformas, de feito, foron inspiradas por clérigos liberais (Muñoz Torrero, Espiga, Villanueva ou Martínez Marina). Os funcionarios viron nas Cortes a oportunidade para reformar a desprestixiada monarquía, e os militares tiveron un papel relevante que se mantivo durante case todo o século XIX.

En Cádiz, a sensación de cidade asediada chea de refuxiados, cunha activa vida social en cafés, prazas, xornais e na propia Cámara, alentou os deputados, que viron no seu labor lexislativo unha oportunidade para sacar a España do atraso e da ineficacia. Nese ambiente naceron a prensa política e a opinión pública, grazas ao decreto de liberdade de imprenta que as Cortes aprobaron (10/11/1810).

axiña apareceron nos debates dúas grandes faccións ou “partidos” chamados **servil** (ou absolutista) e **liberal**. O número total de deputados era de 300, aínda que no momento da inauguración só estaban presentes 104, e 184 cando se aprobou a Constitución. Expulsados os franceses, as novas Cortes ordinarias trasladáronse a Madrid en xaneiro de 1814.

A obra lexislativa das Cortes de Cádiz foi inxente e representou unha ruptura radical.

O primeiro decreto das Cortes (24 de setembro de 1810) establecía a **soberanía nacional** e que as Cortes asumían a súa representación. É dicir, a nación española pasaba a ser o suxeito da soberanía, a cal se depositaba nas Cortes, razón pola que se lle chama “Señor” e “Maxestade”.

Tamén se proclamou a **igualdade ante a lei**, suprimindo a desigualdade xurídica, puntal fundamental no que se baseaba a sociedade estamental. Tamén se estableceu a igualdade entre españois e americanos, como unha forma de frear os primeiros movementos independentistas das colonias. Mais a igualdade non era extensiva á poboación indíxena nin á de raza negra (escrava en gran parte).

Entre o conxunto de reformas presentadas destacan:

- A liberdade de imprenta.
- A abolición da tortura.

Historia de España. 2º de Bacharelato. Século XIX.

- A supresión de vellos tributos, da Inquisición, dos señoríos xurisdicionais e dos antigos consellos.
- Implantouse a desamortización dos bens do clero e unha nova división provincial, ao mesmo tempo que se creaban deputacións provinciais.
- Reformouse a Facenda e estableceuse a liberdade de comercio e industria.

Mais o labor máis significativo das Cortes de Cádiz foi a elaboración e aprobación da Constitución de 1812, a primeira de España, moi ambiciosa, que sería promulgada o 19 de marzo de 1812, día de San Xosé, motivo polo cal se coñeceu popularmente como “La Pepa”. Nela, os deputados intentaron unir a tradición española co espírito revolucionario.

Os principios fundamentais da Constitución de 1812 son:

- ◆ Afirmación da **soberanía nacional**, pois o poder residía na Nación.
- ◆ Recoñecemento dos **dereitos e liberdades individuais** e da **igualdade ante a lei**.
- ◆ **División de poderes**: o LEXISLATIVO correspondía ás Cortes (de Cámara única); o EXECUTIVO quedaba nas mans do rei e do goberno por el designado; e o XUDICIAL era independente.
- ◆ Mantíñase a **relixión católica** como única do Estado.
- ◆ A elección dos representantes nas Cortes por **sufraio universal masculino**. Os candidatos a deputados debían ter rendas propias.
- ◆ Creación da **Milicia Nacional**, corpo de civís armados para a defensa do sistema constitucional.
- ◆ O sistema político do Estado sería a **Monarquía moderada**, na que o rei promulgaba as leis e tiña dereito de veto.
- ◆ Decretábase a **liberdade económica**, coa supresión dos gremios, abolición dos señoríos, liberdade de cercado de terras para poñer fin ao predominio gandeiro da Mesta, liberdade de industria e contratación, desamortización das propiedades de mans mortas, etc.

A Constitución apenas puido aplicarse debido ao contexto de guerra. A restauración absolutista de 1814 aboliuna, mais o seu espírito e o seu programa foron unha referencia durante a maior parte do XIX e converteuse nun mito para o liberalismo universal e un modelo para as revolucións liberais.